

Imposición ou tradición ?

Un pantalón, unha chaqueta, uns zapatos e un veo. Así é como milleiros de mulleres, sen importar a idade, que practican coma relixión o islamismo teñen que se vestir ao empezar o día nos seus respectivos países. Pero, que ocorre cando ese novo día non empeza no seu país, senón noutro cunha cultura distinta?

Como todos sabemos, nas últimas décadas millóns de inmigrantes chegaron e chegan a España e á nosa Comunidade na procura dunha vida mellor non acadada nos seus países. Moitos destes inmigrantes son musulmáns, practicantes do Islam, e como tal, traen canda eles unha serie de costumes que acotío contrastan coas xa existentes en España e Galicia.



No noso país moitos homes e mulleres usan prendas e complementos que colocan na cabeza, tales como boinas, sombreiros, pamelas, panos, gorras, viseiras, etc... Pero o costume é quitar ditas prendas ao entrar a un lugar pechado, como hospitais, escolas, mercados, e mesmo unha vivenda particular, en sinal de respecto. As mulleres musulmás non teñen este costume nos seus países. Por iso xorde esta pregunta. Deberían adoptar

os costumes do país ao que emigran, ou seguir as mesmas directrices que marca a cultura do seu país?

Todo marca a dicir que si, deberían adoptalas. Como expresan desde a Consellería de Educación “estes elementos, como o *burka* entre outros, son dificilmente compatibles coa dignidade humana”. Argumentan ademais que o uso do *hiyab* (veo) se debería erradicar porque “semella que o Corán non impón o uso do veo”. Con todas estas declaracións e novas leis que se están a redactar quérese acadar a total integración dos inmigrantes na nova cultura que están a coñecer.

Pero non todo o mundo pensa que o correcto é ditaminar unha lei que prohiba o uso do veo, polo menos en lugares públicos. Hai quen pensa que o correcto é permitir o seu uso, xa que é unha unha antiga tradición que non se pode eliminar de súpeto, aínda que sexa denigrante para as mulleres. E por encima de todo, está a propia liberdade de cada individuo de vestirse como e co que queira en calquera momento.

A polémica non está tan lonxe como nós pensamos. Mesmo na nosa comunidade, en Arteixo, municipio da provincia da Coruña, atopámonos con este dilema. Unha rapariga de doce anos foi amoestada polo uso do *hiyab*, e finalmente concluiuse que o mellor era cambiala para un centro onde o regulamento de réxime interno non implicara normas sobre a permisión do uso de prendas que cubran a cabeza ou parte dela.

O problema agora é resolver cal das dúas opinións é a máis correcta para todos, tanto para os habitantes naturais do país como para os inmigrantes. A polémica está servida.

Lucía Piñeiro Rego. 1º B BAC

